INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 23 DE NOVEMBRO DE 2026, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se toma razón da evolución da utilización da tarifa gratuíta Tarifa +65 e a ampliación do seu prazo de vixencia para o ano 2027.

- Acordo polo que se toma razón da evolución da utilización da tarifa gratuíta Xente Nova e a ampliación do seu prazo de vixencia para o ano 2027.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación, suxeita a regulación harmonizada, da reserva e ocupación de prazas no servizo de atención residencial a persoas maiores en situación de dependencia en concellos da provincia de Lugo. Tramitación anticipada do gasto. Importe de licitación: once millóns oitocentos catorce mil cento vinte e nove euros con sesenta céntimos (11.814.129,60 €). Valor estimado: trinta e catro millóns cincuenta e un mil douscentos corenta e oito euros (34.051.248,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación, suxeita a regulación harmonizada, da reserva e ocupación de prazas no servizo de atención residencial a persoas maiores en situación de dependencia en concellos da provincia de Pontevedra. Tramitación anticipada do gasto. Importe de licitación: once millóns douscentos vinte e oito mil setecentos corenta e catro euros con oitenta céntimos (11.228.744,80 €). Valor estimado: trinta e dous millóns trescentos sesenta e catro mil vinte e catro euros (32.364.024,00 €).

- Acordo polo que se toma razón da contratación suxeita a regulación harmonizada, para o servizo de atención residencial a persoas maiores dependentes en concellos das provincias da Coruña e Ourense cun total de 497 prazas.

- Acordo polo que se toma razón da tramitación do novo procedemento para a obtención do título de familia monoparental.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACION, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Plan de infraestruturas universitarias no ano 2026, por un importe total de catro millóns trescentos corenta e sete mil euros (4.347.000,00 €), e a realización de pagamento anticipado de ata o 100 % da subvención concedida.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba a Estratexia de internacionalización das empresas galegas 2026-2028.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón da convocatoria de axudas a entidades locais para o financiamento de actuacións dirixidas a incrementar a ecoeficiencia na xestión de residuos de competencia municipal no ano 2027.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Ribadumia para o financiamento do proxecto de urbanización e humanización da rúa Calexón Loureiro e arredores da Capela de San Isidro, por un importe dun millón trinta e nove mil trescentos setenta e cinco euros con cincuenta e cinco céntimos (1.039.375,55 €), IVE incluído, tramitado como expediente anticipado de gasto.

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Trasmiras para o financiamento do proxecto de construción do cemiterio municipal de Vilaseca, por un importe de cincocentos sesenta mil seiscentos setenta e catro euros con cincuenta e sete céntimos (560.674,57 €), IVE incluído, tramitado como expediente anticipado de gasto.

- Acordo polo que se autoriza a exención da obriga de constituír garantías nos pagamentos anticipados e á conta derivados da Resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do Programa de rehabilitación integral de edificios de vivendas e nas vivendas e se procede á súa convocatoria para o ano 2027, con carácter plurianual, cun importe de vinte e tres millóns de euros (23.000.000,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se modifica a Resolución do 22 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións para rehabilitar edificacións e vivendas públicas de titularidade municipal e se procede á súa convocatoria, para o ano 2027, con carácter plurianual, por un importe de dous millóns cento sesenta e dous mil catrocentos setenta e sete euros (2.162.477,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se procede á convocatoria do Programa de infravivenda para o ano 2027, por un importe de trescentos setenta e mil euros (370.000,00 €), tramitado como expediente anticipado de gasto.

- Acordo polo que se aproba o Plan de seguridade viaria de Galicia, con horizonte 2030.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de xestión de diversos residuos sanitarios de centros dependentes do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de doce millóns cincocentos vinte e sete mil oitocentos dezaseis euros con corenta céntimos, con IVE (12.527.816,40 €) e un valor estimado de dezaseis millóns cincocentos trece mil novecentos trinta e nove euros con oitenta céntimos, sen IVE (16.513.939,80 €), tramitado como anticipado de gasto.

- Acordo polo que se autoriza a contratación, polo Servizo Galego de Saúde, do Acordo marco mediante procedemento aberto con varios adxudicatarios da prestación de servizos sanitarios da Área Sanitaria da Coruña e Cee, por un orzamento de licitación de corenta e catro millóns novecentos sesenta e tres mil cento trinta e dous euros (44.963.132,00 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a concesión de anticipos de ata o 80 %, derivados da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se convocan para os anos 2027 e 2028, por un importe total de setecentos oitenta e nove mil novecentos trinta e seis euros con sesenta céntimos (789.936,60 €), e tramitado como anticipado de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba o Plan de actuacións preventivas fronte aos incendios forestais no parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a exención de garantías na realización de pagamentos á conta e pagamentos anticipados ás confrarías de pescadores, organizacións de produtores pesqueiros, cooperativas do mar e demais entidades asociativas xuridicamente recoñecidas e constituídas por persoas pescadoras ou mariscadoras sen ánimo de lucro, nas subvencións que se concedan ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2027, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos e de arribazóns de algas que poden afectar os bancos marisqueiros, coa participación das persoas pescadoras e mariscadoras, cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) por un importe total de novecentos mil euros (900.000,00 €), tramitada como anticipado de gasto.

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores Santiago Apóstolo do Carril para o desenvolvemento dun proxecto de restauración de hábitats e zonas de produción marisqueira, por un importe de dezasete mil cento vinte euros (17.120,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre I+D+i no ámbito local.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a publicación da Guía metodolóxica da Rede galega de refuxios climáticos e a posta á disposición do visor Refúxia-T de illas de calor e potenciais refuxios climáticos por concellos.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a formación da Escola Galega de Administración Pública en materia de comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades en 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFIFACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima licitación do contrato de obras: Fomento de sendas peonís e integración paisaxística de glorieta na LU-862 no concello de Xove cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de trescentos noventa e catro mil seiscentos oitenta e tres euros con nove céntimos (394.683,09 €).

- Informe sobre a próxima licitación do contrato de obras: Mellora da seguridade viaria na OU-540 na Manchica (concello da Merca), cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de oitocentos corenta mil cincocentos corenta e catro euros con sesenta céntimos (840.544,60 €).

- Informe sobre a próxima licitación do contrato de obras: Actuacións de mellora da seguridade viaria na PO-252 no concello de Mondariz, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de douscentos noventa e nove mil cincocentos trinta e catro euros con trece céntimos (299.534,13 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre as actuacións en bens culturais vencellados ao Camiño de Santiago. Investimentos 2025-2027.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a ampliación das axudas a Venezuela como consecuencia dos terremotos do 24 de xuño de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MANTÉN EN 2027 O TRANSPORTE GRATUÍTO AOS MENORES DE 21 ANOS COA TARXETA XENTE NOVA E AOS MAIORES DE 65 ANOS COA TARIFA +65

O Consello da Xunta acordou hoxe a ampliación das bonificacións, que suporá un investimento de case 19 millóns de euros

O Consello da Xunta acordou na xuntanza de hoxe a ampliación a 2027 do transporte gratuíto aos menores de 21 anos coa Tarxeta Xente Nova (TXN) e aos maiores de 65 coa tarifa +65. O investimento en ambas as medidas por parte da Xunta para o vindeiro ano achégase aos 19 millóns de euros. A través delas facilítanselles aos colectivos beneficiarios ata 60 viaxes de balde ao mes no autobús interurbano, no transporte marítimo da ría de Vigo e no ferrocarril de proximidade na área de Ferrol.

A través da Tarxeta Xente Nova, posta en marcha en 2016, búscase contribuír á economía familiar e facilitarlle á mocidade o acceso a servizos básicos ao tempo que se fomenta o transporte público e unha mobilidade sustentable nesta franxa de idade. No que se refire á tarifa +65, que comezou a funcionar a inicios de 2024, preténdese promover o uso do transporte público nas persoas maiores de 65 anos. Os descontos que correspondan a cada persoa usuaria aplicaranse no momento da viaxe. Por exemplo, ás persoas maiores de 65 anos non se lles desconta nada do seu moedeiro virtual ao pagar o billete no autobús.

Ambas as medidas enmárcanse no Plan de Transporte Público de Galicia, unha ferramenta de referencia no resto das comunidades e que supón un investimento anual de máis de 160 millóns de euros, incluíndo o transporte interurbano, integrado, escolar e adaptado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 50 M € A FINANCIAR 930 PRAZAS RESIDENCIAIS PÚBLICAS PARA GARANTIR A SÚA CONTINUIDADE E REFORZAR A CALIDADE E A ESTABILIDADE DO SERVIZO

- A nova licitación supón un incremento de entre o 12 e o 17 % respecto dos importes actualmente vixentes no prezo máximo diario por praza
- As prazas distribúense entre 28 concellos das catro provincias e correspóndense cun total de 211 prazas na Coruña, 222 en Lugo, 286 en Ourense e 211 en Pontevedra
- Na valoración das ofertas terá máis peso a calidade que o prezo, primando criterios cualitativos como as ratios de persoal, as medidas de conciliación, a metodoloxía de intervención e o plan de formación, que suporán o 60 % da puntuación
- A actuación permitirá dar continuidade á atención que reciben as persoas maiores dependentes e ofrecer maior estabilidade ás entidades prestadoras

O Consello da Xunta abordou hoxe a contratación do servizo para garantir a continuidade de 930 prazas públicas residenciais para persoas maiores en situación de dependencia nas catro provincias galegas, cun orzamento de licitación de preto de 50 millóns de euros.

A nova licitación, que renova e actualiza os contratos mediante os que o Goberno galego mantén estes recursos integrados na rede pública residencial, eleva o importe máximo diario por praza que achegará a Administración autonómica, un incremento de entre o 12 e o 17 % respecto dos importes actualmente vixentes.

Con este maior esforzo económico, o Goberno autonómico dá continuidade á atención especializada que reciben as persoas maiores en situación de dependencia, favorece a estabilidade organizativa dos centros residenciais e establece criterios comúns de calidade. Así, consolídase un modelo de atención á dependencia concibido como un servizo integral e personalizado que ten en conta as necesidades tanto das persoas maiores dependentes como das súas familias.

As prazas incluídas nestes novos contratos distribúense entre 28 concellos das catro provincias. Na Coruña corresponden a 211 prazas situadas en Boqueixón, A Coruña, Culleredo, Ferrol, Noia, Ribeira, Santiago de Compostela e Teo; en Lugo, a 222 prazas en Guntín, O Incio, Láncara, Palas de Rei, Sober, O Valadouro e Vilalba; en Ourense, a 286 prazas en Lobios, Maceda, Ourense, O Pereiro de Aguiar, Ramirás, A Rúa e Xinzo de Limia, e en Pontevedra, a 211 prazas na Guarda, Pazos de Borbén, Tui, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa e Poio.

Un dos principais cambios na licitación é o feito de que na valoración das ofertas das entidades interesadas terá máis peso a calidade que o prezo. Neste sentido, criterios cualitativos como as ratios de persoal, as medidas de conciliación, a metodoloxía de

intervención e o plan de formación suporán o 60 % da puntuación fronte á oferta económica, que terá como máximo un 40 % dos puntos.

A duración inicial dos novos contratos abarcará desde a data da sinatura, prevista para marzo de 2027, ata finais de febreiro de 2029, ben que poderá alcanzar unha duración máxima de cinco anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE TODAS AS FAMILIAS MONOPARENTAIS GALEGAS MANTERÁN OS SEUS BENEFICIOS COA ENTRADA EN VIGOR DO NOVO TÍTULO ESTATAL

- Alerta de que o certificado estatal, que se poderá solicitar desde o 1 de xaneiro, é máis restritivo que o autonómico e deixaría fóra "a 7.000 fogares galegos"
- Galicia renovará de xeito automático e sen trámites o título autonómico para garantir que os beneficiarios manteñen as mesmas vantaxes
- Galicia conta actualmente con máis de 10.300 familias monoparentais con certificado en vigor
- Dispoñen de medidas de apoio en ámbitos como a educación, a conciliación, a vivenda, a inclusión social ou a fiscalidade

O presidente da xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico "vai manter o actual certificado galego de familias monoparentais" para que estes fogares "conserven as mesmas vantaxes e beneficios que ata agora", cando entre en vigor o novo título estatal. Deste xeito, a Xunta protexe ás familias quedarían fóra coa nova regulación do Goberno central.

O Consello tomou conta hoxe da tramitación do novo procedemento para a obtención do título de familia monoparental con validez en toda España, que estará habilitado a partir do próximo 1 de xaneiro de 2027. Desde esta data, calquera familia monoparental que cumpra os requisitos establecidos polo real decreto lei aprobado polo Goberno central poderá solicitar o recoñecemento estatal.

Tal e como explicou Rueda, trátase "dun certificado máis restritivo" que o que expide a Xunta, e que "deixaría fóra a máis de 7.000 familias" que agora teñen o título autonómico. A nova normativa estatal non inclúe ás familias en que a garda e custodia é exclusiva dunha persoa proxenitora cando esta ten dereito a percibir anualidades para a manutención dos descendentes. Esta situación na cal un pai ou nai queda a cargo dos fillos sen que haxa custodia compartida dáse no 70 % dos casos das familias galegas con certificado de monoparentalidade e todos eles quedarían sen beneficios co título do Goberno central.

O novo título de familia monoparental con validez nacional tampouco recoñece expresamente as familias formadas por un cónxuxe viúvo e os seus fillos e tampouco recoñece a asimilación a descendente do concibido non nado.

Dado que este novo título terá un alcance distinto ao que emite a Xunta, e co fin de garantir que estas familias continúen desfrutando dos dereitos adquiridos e das situacións consolidadas na nosa comunidade, o Executivo galego manterá o certificado autonómico. En consecuencia, as familias con este certificado poderán seguir accedendo a todos os beneficios que outorga a Administración galega. É dicir, todas estas familias seguirán dispoñendo do certificado da Xunta, de xeito automático, sen facer ningún trámite.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Beneficios
Segundo abondou o presidente, as máis de 10.300 familias con certificado de monoparental recoñecido polo Goberno galego dispoñen de medidas de apoio en ámbitos como a educación, a conciliación, a vivenda, a inclusión social ou a fiscalidade.

No aspecto educativo, os beneficios consisten na puntuación adicional no baremo para a adxudicación de prazas e a redución nas tarifas de comedor nas escolas infantís públicas de 0 a 3 anos e na preferencia na admisión desde o segundo ciclo de educación infantil ata bacharelato en centros sustentados con fondos públicos.

En canto ao relativo á conciliación, o certificado galego dá preferencia nas quendas do programa da Xunta Vacacións Familiares e nas residencias xuvenís dependentes da Xunta, bonifica os campamentos xuvenís organizados polo Goberno autonómico, outorga puntuación adicional no baremo para o acceso as casas niño e amplía a axuda no Bono Concilia Familia.

Ademais, a condición de familia monoparental dá acceso a programas específicos que facilitan o acceso ao mundo laboral, tense en conta no acceso á Risga e ás axudas de inclusión social e inclúe unha rebaixa fiscal no imposto á compra de vivenda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPLETA A ACHEGA Á UNIVERSIDADE DE VIGO NO MARCO DO PLAN DE INFRAESTRUTURAS PARA A CONSTRUCIÓN DO EDIFICIO DE AEROESPACIAL, EN OURENSE

Recóllense tamén outras actuacións de mellora enerxética e a redacción de diferentes proxectos

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura do último convenio do Plan de infraestruturas universitarias entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e a Universidade de Vigo, con actuacións previstas nos seus tres campus. Deste xeito, cunha nova partida de máis de 3,1 M €, complétase a achega do Goberno galego para o cofinanciamento da construción do novo edificio para a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, no Campus de Ourense, entre outras actuacións.

Coñecido como o Camaleón, o novo edificio terá unha superficie de case 6.400 metros cadrados e estará dotado de 18 laboratorios destinados a docencia e investigación, oito aulas despachos e zona de dirección. O proxecto inclúe tamén seis seminarios e unha nave taller para albergar as liñas de investigación que requiran de laboratorios especiais e bancos de proba onde poder dispor de maquinaria que necesite grandes superficies, entre outros espazos.

Así mesmo, con cargo a este convenio dotado de 3,1 M €, a Universidade de Vigo prevé tamén outras actuacións de mellora enerxética e a redacción de diferentes proxectos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA MÁIS DE 160 M € NA NOVA ESTRATEXIA DE INTERNACIONALIZACIÓN DAS EMPRESAS GALEGAS, CON CHINA E MERCOSUR COMO MERCADOS PRIORITARIOS

- A conselleira de Economía e Industria salienta que o obxectivo é que "máis empresas galegas vendan fóra, que o fagan de forma estable e cheguen a novos mercados"
- Unha das metas é aumentar un 50 % as exportacións a países estratéxicos de Asia, Mercosur e Norteamérica coa posta en marcha dos novos programas Galicia Implantación Exterior, Galicia Conecta Mercosur e Galicia Conecta China, para os cales se teñen reservado case 140 M €
- Búscase, ademais, internacionalizar a innovación, cun orzamento de 11,45 M € para, entre outras medidas, poñer en marcha a nova aceleradora Galicia Internacional
- Reforzarase a Rede Exterior do Igape e ás seis antenas actuais sumaranse dúas novas no Brasil e Arxentina, para reforzar a presenza de Galicia no Mercosur
- A meta é alcanzar os 32.000 M € en exportacións, incrementar un 20% a base exportadora regular e captar 600 millóns de euros de investimento internacional
- Galicia afronta esta nova etapa en moi boa posición, tras incrementar máis dun 60 % as súas exportacións na última década e superar os 30.900 millóns de euros en 2025

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello "aprobou hoxe a nova Estratexia de internacionalización das empresas galegas, con horizonte 2028, e dotada de máis de 160 millóns de euros". Este orzamento supera nun 54 % o da Estratexia 2021-2025.

O obxectivo, tal e como resaltou a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, "é que cada vez máis empresas galegas vendan fóra, que o fagan de forma estable e cheguen a novos mercados". A nova folla de ruta poñerá especial interese, segundo explicou o presidente, "en dous destinos que ofrecen grandes oportunidades como é China e os países de Mercosur".

Nun contexto condicionado polas tensións xeopolíticas e comerciais e pola reconfiguración dos fluxos do comercio mundial, Galicia parte dunha moi boa posición, porque as exportacións galegas medraron máis dun 60 por cento na última década e en 2025 situouse como a quinta comunidade autónoma en volume exportador, con máis de 30.900 millóns de euros. Ademais "hai case 3.000 empresas galegas que exportan de xeito habitual", resaltou Rueda. Por sectores, a conselleira salientou que máis da metade das vendas fóra de España corresponden aos sectores "da automoción e o téxtil".

Sobre estes resultados, esta estratexia dá continuidade ao traballo desenvolvido no período 2021-2025 e incorpora novas medidas para ampliar a base exportadora, diversificar destinos e facilitar a consolidación das empresas nos mercados internacionais. Estrutúrase en cinco eixes e catorce plans de acción, que combinan

información, formación, promoción exterior, financiamento e captación de investimentos.

Novos programas: Galicia Conecta China e Galicia Conecta Mercosur
O eixe relativo a novos mercados é o que concentra a maior dotación da estratexia, 139,4 millóns de euros. Integra os principais instrumentos de apoio directo ás empresas para impulsar o seu crecemento e consolidación nos mercados internacionais. Recolle, así, subvencións para a promoción exterior, a participación en feiras e misións comerciais e a apertura de novos mercados, así como en instrumentos de financiamento que faciliten a implantación empresarial no exterior, tanto mediante financiamento directo como a través de capital risco.

Neste eixe, poranse en marcha novos programas como Galicia Implantación Exterior, con 50,4 millóns de euros, para apoiar o establecemento e consolidación das empresas galegas noutros países. A diversificación de mercados reforzarase con Galicia Conecta Mercosur, con 28,4 millóns, e Galicia Conecta China, con 28,35 millóns, para impulsar novas oportunidades comerciais nestes destinos.

A estas iniciativas súmase Galicia Conecta País-Sector, con 32,3 millóns de euros, para desenvolver actuacións de internacionalización adaptadas aos sectores estratéxicos da economía galega.

En definitiva, a nova Estratexia de internacionalización pivotará sobre as principais áreas xeográficas que poden representar unha oportunidade para o tecido empresarial galego neste eido, con especial atención a EUA e México no caso de Norteamérica, e da China e Xapón, no de Asia.

Internacionalizar a innovación
O segundo eixe irá dedicado á internacionalización da innovación e contará con 11,45 millóns de euros, a través de iniciativas como Internacionalización Dixital, con 8,28 millóns; Galicia Empresa Global, con 2 millóns, para apoiar o crecemento internacional de *startups*; e a Aceleradora Galicia Internacional, con 1,17 millóns, orientada á expansión de proxectos innovadores.

O eixe sobre acceso á información e fomento da internacionalización estará dotado con 6,67 millóns de euros e inclúe, entre outras, actuacións como Galicia Talento Internacional, con 5,33 millóns, para reforzar a formación e incorporación de profesionais especializados en comercio exterior; ou o Centro de Intelixencia de Mercados, que utilizará ferramentas de análise de datos e intelixencia artificial para identificar oportunidades de negocio.

Rede Exterior e captación de investimentos
A estratexia tamén reforzará a Rede Exterior do Igape, con 2,86 millóns de euros, para apoiar as empresas galegas en destino, identificar oportunidades de negocio e captar investimentos para Galicia, conectando as antenas internacionais coas asociacións de

empresarios galegos no exterior, antigos bolseiros e directivos con experiencia internacional. Neste marco, ás seis antenas actuais nos Estados Unidos, México, Marrocos, China, Xapón e Emiratos Árabes Unidos sumaranse dúas novas no Brasil e Arxentina, reforzando a presenza de Galicia nos mercados do Mercosur.

Pola súa banda, o quinto eixe incorpora un Plan de atracción de investimentos, dotado cun millón de euros, para "seguir captando novos proxectos empresariais de fóra á Galicia", indicou o presidente.

Obxectivos ata 2028

A Estratexia, tal e como explicou a conselleira, fixa como metas alcanzar os 32.000 millóns de euros en exportacións, incrementar nun 20 por cento a base exportadora regular e aumentar un 50 por cento as exportacións aos mercados estratéxicos de Asia, Mercosur e Norteamérica. Tamén busca incrementar un 20 por cento as empresas apoiadas en internacionalización dixital e captar 600 millóns de euros de investimento internacional.

Con esta nova folla de ruta, a Xunta reforza o acompañamento ás empresas galegas, desde os primeiros pasos na exportación ata a súa consolidación e implantación no exterior, impulsando a súa competitividade e proxección internacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ EN 2027 PRETO DE 4,2 M € A MELLORAR A XESTIÓN DOS RESIDUOS MUNICIPAIS, PRIORIZANDO OS CONCELLOS SEN AXUDAS EN CONVOCATORIAS ANTERIORES

- A nova orde reforzará as posibilidades de acceso ao financiamento para aquelas entidades locais que non resultaron beneficiarias na convocatoria anterior
- As liñas de axudas xiran arredor de catro eixes estratéxicos: recollida e tratamento de biorresiduos, rede de puntos limpos, residuos téxtiles e dixitalización
- A Xunta reforza os recursos materiais ao servizo dos municipios, destinando máis de 1,4 M € á compra de vehículos para a recollida da materia orgánica e máis de 1,3 M € a achegas para a modernización de puntos limpos fixos e a adquisición de móbiles
- A convocatoria tamén incluirá achegas por valor de 250.000 € para avanzar na dixitalización dos servizos municipais de residuos co fin de mellorar a rastrexabilidade, a calidade dos datos e a capacidade de análise dos servizos locais
- O *Diario Oficial de Galicia* publicará proximamente unha única orde para estas axudas, contribuíndo á simplificación administrativa e axilizando as solicitudes dos concellos

A Xunta destinará en 2027 preto de 4,2 millóns de euros a distintas liñas de axudas aos concellos para mellorar a xestión dos residuos de competencia municipal e ampliará as oportunidades para chegar a máis territorio. O Consello da Xunta tomou razón hoxe da próxima convocatoria destas achegas, que vén poñendo á disposición das entidades locais desde o ano 2018 e coas que o Goberno galego segue avanzando cara a un modelo de economía circular.

Entre as principais novidades da orde, cabe destacar o reforzo das posibilidades de acceso ao financiamento para aquelas entidades locais que non resultaron beneficiarias na convocatoria anterior. Consideraranse tanto as necesidades dos municipios que xa accederon ás axudas como as daqueles que non puideron optar a elas, dando a estes últimos unha nova oportunidade. Así, a Xunta busca aumentar a participación dos concellos e estender estes beneficios ao conxunto do territorio galego.

Ao igual que na convocatoria do ano pasado, os municipios xa non terán que facer unha achega económica obrigatoria do 10 % do proxecto, pois a Xunta asume o 40 % do investimento con fondos propios autonómicos e o 60 % restante finánciase a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder). Ademais, o IVE poderá ser subvencionable cando reúna as condicións fixadas na convocatoria, reducindo aínda máis o custo que afrontan as entidades locais.

O *Diario Oficial de Galicia* publicará proximamente unha única orde con todas estas liñas de axudas co fin de contribuír á simplificación administrativa e favorecer e axilizar a tramitación das solicitudes por parte dos concellos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas achegas xiran arredor de catro eixes estratéxicos relacionados coa xestión dos residuos: a recollida e o tratamento de biorresiduos, a rede de puntos limpos, os residuos téxtiles e a dixitalización.

Para o eixe de recollida e tratamento de biorresiduos haberá varias liñas de axudas, a primeira dirixida á recollida separada, por importe de máis de 580.000 euros. Valoraranse especialmente os proxectos correspondentes a grandes produtores de sectores como o da hostalaría ou a alimentación.

A segunda liña de incentivos céntrase na adquisición de vehículos para a recollida de biorresiduos, cun orzamento de 1,4 M €. Trátase de reforzar os medios materiais ao servizo da xestión municipal dos residuos e profesionalizar este sistema nos concellos.

A terceira liña deste eixe pon o acento na posta en marcha de iniciativas que contribúan a avanzar na implantación da compostaxe doméstica e comunitaria, cun importe reservado de case 460.000 euros.

No que se refire á rede de puntos limpos, haberá unha liña de axudas para a mellora e modernización de puntos fixos existentes, cunha dotación de máis de 1 M €, e outra, para a adquisición de puntos limpos móbiles, cun crédito de máis de 290.000 €. Con estes elementos búscase consolidar a rede de recollida separada de residuos domésticos especiais que quedan fóra do servizo domiciliario e non se poden depositar en contedores específicos. Trátase dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE), voluminosos ou aceites, entre outros.

En relación co eixe dos residuos téxtiles, habilitaranse achegas por importe de máis de 83.000 €, co fin de garantir a continuidade da implantación da recollida separada desta fracción en cumprimento das obrigas europeas. Cómpre lembrar que a directiva comunitaria establece como obrigatoria a recollida selectiva do residuo téxtil a partir do 1 de xaneiro de 2025, exixencia que, unida ao crecemento progresivo experimentado por esta fracción nos últimos anos, precisa de iniciativas que favorezan a súa separación, reutilización e reciclaxe.

O último eixe da convocatoria, cunha liña de axudas por valor de 250.000 €, dará resposta aos proxectos de dixitalización dos servizos municipais de residuos. A Xunta continúa apoiando a incorporación de ferramentas tecnolóxicas que optimicen a rastrexabilidade, a calidade dos datos e a capacidade de análise dos servizos locais.

A dixitalización dos servizos municipais de residuos ten como fin modernizar a xestión do lixo usando tecnoloxía para mellorar a súa organización e evitar gastos innecesarios. A este respecto, poden activarse sistemas que, por exemplo, indican cando un contedor está cheo —aforrando recollidas innecesarias— ou axudan a que os camións percorran menos quilómetros, reducindo o uso de combustible e beneficiando o ambiente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 250.000 € NA URBANIZACIÓN E HUMANIZACIÓN DO CALEXÓN LOUREIRO E OS ARREDORES DA CAPELA DE SAN ISIDRO, EN RIBADUMIA

— A Administración autonómica colaborará co Concello nesta intervención
— A intervención proxectada busca consolidar este espazo do núcleo de Barrantes como punto de encontro, con actuacións para priorizar a mobilidade peonil, a accesibilidade e dotacións para mellorar a seguridade e a estética urbana

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Ribadumia para executar as obras de urbanización e humanización da rúa Calexón Loureiro e os arredores da capela de San Isidro.

A través do convenio, a Administración autonómica investirá 250.000 €, o que supón o 24,05 % do total do investimento previsto, de 1M €.

A intervención prevista abrangue o ámbito entre a rúa Calexón Loureiro, a rúa Remedios Álvarez e a rúa Capela, que concentra un gran número de equipamentos públicos e privados, entre eles o Centro Cultural de Barrantes, a Capela de San Isidro e o Mercado Municipal, ademais da súa proximidade aos centros educativos (CPI Julia Becerra Malvar e a Escola Infantil Municipal), así como as instalacións deportivas de Barrantes. Ademais, a rúa Calexón Loureiro constitúe un eixe comercial estratéxico no núcleo urbano de Barrantes.

Deste xeito, a actuación proxectada busca consolidar este espazo cívico de transcendencia social e simbólica para a veciñanza. Para iso, o proxecto redefinirá esta contorna como un punto de encontro e convivencia, co fin de priorizar a mobilidade peonil fronte ao tráfico rodado, garantir a accesibilidade universal e coa creación das condicións óptimas de confort, seguridade e estética urbana.

O Concello encargarase da contratación e execución dos traballos.

Plano da zona da actuación:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINANCIA CON 160.000 € AS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DO NOVO CEMITERIO MUNICIPAL DE VILASECA, NO CONCELLO DE TRASMIRAS

— A Administración autonómica colabora co Concello para a construción deste novo equipamento
— Coa futura instalación, dotarase o concello dun cemiterio de titularidade e xestión municipal nas proximidades do núcleo de Vilaseca, que contará con 576 nichos e 66 columbarios, ademais dun osario xeral e un edificio de servizos

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Trasmiras para as obras de construción do novo cemiterio de Vilaseca. A través deste acordo, a Xunta destinará 160.000 € ao financiamento deste equipamento.

Con este proxecto, o Concello de Trasmiras busca dotar o concello dun cemiterio de titularidade e xestión municipal nas proximidades do núcleo de Vilaseca e atender así a actual necesidade deste servizo, tendo en conta a saturación dos cemiterios actuais. As novas instalacións buscan asegurar un servizo público esencial e obrigatorio, garantindo tanto a infraestrutura como as prestacións funerarias básicas no termo municipal.

O proxecto sitúa o futuro cemiterio nunha parcela de uns 29.845 m², localizada a 200 metros do límite do núcleo rural de Vilaseca. A instalación proxectada incorpora as instalacións exixidas pola normativa sanitaria mortuoria, incluíndo osario, sistemas de xestión dos residuos procedentes das sepulturas, abastecemento de auga potable e servizos hixiénicos.

Contará con 576 nichos, 66 columbarios, un osario xeral e un edificio de servizos, cunha superficie útil total de 71,71 m², que albergará aseos, unha capela ou espazo multiúsos e un almacén. Ademais, disporá de espazos exteriores urbanizados e zona de acceso e aparcadoiro.

Co convenio aprobado hoxe, a Xunta colabora co citado financiamento deste equipamento, cuxo investimento total acada 560.674 €. O Concello contratará e executará as obras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Infografía da actuación:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ ANTES DE FINAIS DE ANO AS AXUDAS PARA REHABILITACIÓN DE INMOBLES DE TITULARIDADE MUNICIPAL, PARA INFRAVIVENDA E PARA REFORMAS EN EDIFICIOS E VIVENDAS POR UN IMPORTE TOTAL DE 25,4M €

- Destinaranse 23M € para rehabilitación en edificios residenciais e de vivendas, incluídas unifamiliares
- O Goberno galego dedicará 2,4M € á rehabilitación de edificacións de titularidade municipal e de infravivenda, por parte dos concellos
- As tres liñas de achegas convocaranse neste exercicio

O Consello da Xunta de Galicia tomou razón das resolucións polas que se convocan as axudas de rehabilitación de inmobles de titularidade municipal, de infravivenda e as dirixidas a comunidades de propietarios e propietarios particulares para rehabilitación en edificios e vivendas. A Xunta destina a estas tres liñas de axudas, que se convocarán antes de finais de ano, un importe conxunto de 25,4M €

O maior investimento, de 23M €, destínase ás axudas dirixidas a comunidades de propietarios e particulares para financiar actuacións e edificios e vivendas individuais co fin de mellorar a seguridade, accesibilidade, habitabilidade e eficiencia enerxética, con especial atención á redución da demanda de enerxía, dentro do Plan de vivenda 2026-2030.

Dúas liñas de actuación

A primeira liña financiará intervencións de rehabilitación integral de edificios de vivendas ou vivendas unifamiliares. Neste caso, as actuacións para mellorar a seguridade poderán acadar axudas de ata 8.000 € por vivenda. Nas intervencións para mellorar a habitabilidade, sostibilidade e accesibilidade, contan con ata 20.500 € por vivenda, co límite do 80 % do custo da actuación en aforro enerxético superior a 60 %.

A segunda liña está dirixida a rehabilitacións de vivendas particulares situadas en edificios. Neste caso, os importes máximos de axuda para accesibilidade serán de ata 18.000 € por vivenda, co límite do 80 % do custo subvencionable. E, no caso das axudas para mellorar a habitabilidade e sostibilidade, ata 7.500 € por fogar, co límite do 40 % do custo subvencionable.

Pagamanto anticipado

As bases da convocatoria, que se publicarán antes de finais de 2026, prevén a posibilidade de que os beneficiarios reciban pagamentos á conta de ata o 80 % da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, así como a posibilidade de solicitar anticipos de ata o 50 % do importe total da axuda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rehabilitación de vivendas de titularidade municipal
No caso das axudas dirixidas aos concellos para rehabilitación de inmobles de titularidade municipal con destino ao alugueiro a prezo regulado, o orzamento total ascenderá a 2,1M €.

Poderán beneficiarse destas achegas os concellos de menos de 30.000 habitantes que dispoñan de vivendas da súa propiedade ou de inmobles susceptibles de transformarse en vivendas, que deberán ser cualificadas como vivendas protexidas de promoción pública con carácter permanente. Deberán destinarse ao alugueiro por un prazo non inferior a 15 anos.

A cualificación e o destino ao alugueiro non será exixible en concellos de menos de 10.000 habitantes, cando se destinen a vivenda para o desenvolvemento de actuacións de impulso demográfico, incluídas aquelas dirixidas a fixar e/ou ampliar a poboación residente neles.

As axudas poderán acadar ata o 95 % do orzamento das obras, ata un máximo de 65.000 euros por edificación ou vivenda rehabilitada. A contía pode alcanzar os 68.000 euros no caso de edificacións ou vivendas situadas nun ámbito histórico, no ámbito dos camiños de Santiago ou da Ribeira Sacra ou nun ámbito declarado Área de rexeneración urbana de interese autonómico (Áreas Rexurbe).

Infravivenda
A Xunta axudará aos concellos de menos de 10.000 habitantes a dotar de condicións de habitabilidade as infravivendas existentes no seu termo municipal. Esta convocatoria está dotada con 370.000 euros, e a contía máxima é de 15.000 euros por fogar. Serán os concellos os encargados de solicitar e executar as axudas.

Neste caso, o importe pode acadar o 95 % do custo e poderán subvencionar:

- A reforma ou rehabilitación de elementos exteriores.
- A mellora das condicións estruturais e de seguranza.
- A mellora da accesibilidade da edificación ou das vivendas
- A mellora da habitabilidade. Dentro destas últimas, será subvencionable a execución de obras que eviten a entrada no edificio do gas radon ou a adopción de medidas que garantan a súa eliminación do interior das vivendas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O NOVO PLAN DE SEGURIDADE VIARIA DE GALICIA HORIZONTE 2030, CON MEDIDAS QUE SUPOÑEN UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 850 M€

- Recolle cinco grandes eixes estratéxicos e 52 accións para reducir o número de accidentes de tráfico na rede de estradas de titularidade autonómica
- Rueda salienta, entre outras medidas, o seguimento "dos tramos de alta concentración de accidentes nos que estivese involucrados animais"
- Resalta que se incrementará "o valado perimetral" onde sexa necesario para "mitigar ou evitar" que os animais invadan a calzada
- Ademais reforzarase a seguridade de peóns, ciclistas e motociclistas, así como na educación e formación viaria de toda a poboación

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe o novo Plan de Seguridade Viaria de Galicia Horizonte 2030, que prevé un investimento de case 850 millóns de euros. Isto supón máis que duplicar o orzamento reservado para mellorar a seguridade nas estradas autonómicas galegas, respecto do plan anterior que contou con 363 millóns para o período 2022-2025.

O obxectivo do novo Plan, tal e como indicou o presidente, "é seguir reducindo o número de accidentes de tráfico nas estradas galegas".

É o resultado dun proceso no que participaron representantes das administracións públicas, das forzas e corpos de seguridade, de asociacións profesionais, de entidades do ámbito do transporte, de organizacións de usuarios, de profesionais e demais axentes que teñen relación con este ámbito. O documento contempla cinco liñas de actuación e un total de 52 accións.

O primeiro destes cinco grandes eixes pasa por lograr estradas cada vez máis seguras, sobre todo nos treitos interurbanos e travesías, e para acadalo ponse o acento en continuar coa mellora das infraestruturas. Entre outras accións que se propoñen están a identificación e xestión de Tramos de Concentración de Accidentes (TCA), a mellora da seguridade en intersección, accesos e marxes das estradas ou accións de conservación na rede viaria ou medidas para reducir a sinistralidade con fauna.

Neste último caso, Rueda salientou que o novo Plan fará especial fincapé "nos tramos de alta concentración de accidentes nos que estiveron involucrados animais que invadiron a calzada" e, ademais, "vaise incrementar o valado perimetral" naquelas zonas onde sexa necesario "para impedir ou mitigar" que os animais cheguen á estrada.

O segundo eixo céntrase en reforzar "a seguridade dos usuarios vulnerables: peóns, ciclistas, motociclistas ou aqueles que se desprazan en patinetes ou monociclos eléctricos". A construción de beirarrúas, carrís bici e sendas peonís, a mellora das

paradas de autobús, así como a instalación de sistemas de protección de motoristas en barreiras de seguridade son algunhas das medidas contempladas neste caso.

Vehículos seguros
A terceira gran liña de actuación do plan, tal e como indicou Rueda, avoga por mellorar a seguridade dos vehículos, así como en diminuír tanto a frecuencia como as consecuencias dos sinistros viarios derivados de condutas de risco, como o exceso de velocidade, o consumo de alcol ou drogas. Para iso, as accións previstas irán enfocadas á posta en valor da inspección técnica de vehículos, ademais de incluírse accións de control do transporte por estrada.

A cuarta liña fai fincapé en impulsar a educación e a formación viaria en todos os grupos da poboación, coa finalidade de promover unha cultura preventiva e incrementar a capacidade de cada persoa para desprazarse de forma segura, informada e responsable. Neste senso, as medidas inclúen cursos de condución segura para motoristas, accións formativas para traballadores do transporte público, xornadas técnicas sobre seguridade viaria no ámbito laboral ou campañas de concienciación dirixidas a pais e fillos, entre outras.

Resposta rápida
O quinto e último piar estratéxico aborda a necesidade de dar respostas rápidas e eficaces tras un sinistro, aumentando a eficacia dos servizos de emerxencia e garantindo o apoio sanitario, operativo e psicolóxico necesario para reducir as consecuencias do accidente. Contémplanse intervencións como a mellora dos equipos dos servizos de Protección Civil e de bombeiros, a elaboración de procedementos de actuación conxunta de primeiros intervenientes en sinistros ou a asistencia psicolóxica a vítimas e familiares, entre outras.

O Plan incorpora un modelo de gobernanza e seguimento que reforza a colaboración institucional, fomenta a participación dos axentes implicados e permite avaliar o seu cumprimento.

Así mesmo, o documento aprobado esta mañá no Consello alíñase cos obxectivos establecidos pola Estratexia de Seguridade Viaria 2030 da Dirección Xeral de Tráfico e as políticas europeas na materia, que fixan como meta para ese ano reducir á metade o número de persoas falecidas ou feridas graves como resultado dun accidente de tráfico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE 12,5 M € NA XESTIÓN DE RESIDUOS SANITARIOS DOS CENTROS DEPENDENTES DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- O contrato ten unha duración inicial de catro anos e pode ser prorrogado por un ano máis, caso en que o valor estimado do contrato ascende a 16.513.939 euros
- O servizo inclúe a recollida dos residuos nas zonas de almacenamento definidas polos centros e o transporte ás plantas de tratamento
- Os residuos obxecto do contrato son, entre outros, os de medicamentos caducados e/ou desbotados, os biocontaminados e os cortantes e punzantes, así como os citolóxicos ou citostáticos
- A cantidade estimada anual de residuos que se deben tratar ascende a 1.962.050 quilogramos

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación do servizo de xestión de diversos residuos sanitarios de centros dependentes do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de licitación de 12.527.816 euros e un período de catro anos.

O valor estimado desta contratación ascende a 16.513.939 euros, atendendo a unha posible prórroga por outro ano adicional.

O obxecto do contrato é a prestación dos servizos de xestión extracentro, entre os cales está a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos.

Para tal efecto, inclúese a dotación de envases e colectores adecuados e necesarios para a xestión dos residuos. A contratación tamén abrangue a recollida dos residuos nas zonas de almacenamento definidas polos centros, así como o mantemento das instalacións, equipamentos e medios achegados pola empresa contratista e o transporte dos residuos ás plantas de tratamento.

A empresa adxudicataria deberá elaborar a documentación administrativa necesaria para a xestión dos residuos, incluíndo comunicacións previas ás autoridades competentes das recollidas que se vaian realizar, documentos de control e seguimento e calquera outra información que os centros, na súa condición de produtores de residuos, estean obrigados a presentar ante organismos públicos.

A empresa tamén disporá da dotación dun sistema de rexistro informatizado, con lector de códigos, de etiquetas identificativas para a xestión dos almacéns finais de residuos.

Igualmente, o adxudicatario colaborará cos distintos centros na formación, información e sensibilización relacionadas co obxecto do contrato, e tamén cooperará con cada unha das sete áreas sanitarias na elaboración do plan de minimización de residuos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Requisitos
A empresa adxudicataria deberá atender as necesidades relativas á xestión dos residuos conforme os criterios de xestión avanzada, cumprindo os obxectivos de calidade establecidos polo Servizo Galego de Saúde.

Tamén deberá previr os riscos que a segregación, manipulación, transporte, almacenamento e eliminación dos residuos poida xerar para as persoas directamente expostas.

Igualmente, deberá previr os riscos que a xestión dos residuos poida ocasionar para a saúde pública e o ambiente.

Outro requisito que deberá cumprir o adxudicatario é prestar un servizo de xestión eficaz que facilite o mellor desenvolvemento da actividade asistencial, ademais de promover o aproveitamento, a reutilización ou a valoración dos envases utilizados para o depósito e transporte de residuos.

O contrato inclúe, entre outros, a xestión de residuos de medicamentos caducados e/ou desbotados, os biocontaminados e os cortantes e punzantes, así como os citolóxicos ou citostáticos.

A cantidade estimada anual de residuos que se deben tratar ascende a 1.962.050 quilogramos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS SANITARIOS COMPLEMENTARIOS NA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE POR PRETO DE 45 M €

- O acordo marco permitirá complementar os recursos do Servizo Galego de Saúde para atender as necesidades asistenciais de máis de 547.000 cidadáns da área sanitaria
- O contrato terá unha duración inicial de dous anos e pode prorrogarse por tres anos máis
- A contratación abrangue tres lotes: procedementos médicos e cirúrxicos, probas diagnósticas e terapéuticas e tratamentos de hemodiálise en centros hospitalarios
- A dispoñibilidade destes recursos contribuirá a reducir os tempos de espera e a mellorar a accesibilidade aos servizos sanitarios

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación do acordo marco para a contratación dos servizos sanitarios complementarios na área sanitaria da Coruña e Cee, cun orzamento de licitación de 44.963.132 euros.

O obxectivo deste acordo marco é reforzar os recursos do Servizo Galego de Saúde para cubrir as necesidades asistenciais de máis de 547.000 cidadáns pertencentes a 37 concellos da provincia da Coruña.

O acordo realizarase mediante un procedemento aberto con varios adxudicatarios e terá unha duración inicial de dous anos desde a súa formalización. O valor estimado do contrato é de 134,88 millóns de euros, atendendo ás posibles prórrogas por tres anos máis.

A contratación divídese en tres lotes para dar resposta a distintas necesidades asistenciais. O primeiro lote, valorado en 24.055.186 €, inclúe procesos médicos que requiran hospitalización e intervencións cirúrxicas, tanto con ingreso como de carácter ambulatorio. Comprende distintos servizos e especialidades como traumatoloxía, oftalmoloxía, cirurxía xeral e vascular e uroloxía, entre outras.

O segundo lote, por un valor de 10.092.154 €, abrangue a realización de probas diagnósticas e terapéuticas necesarias para completar o estudo e seguimento dos pacientes. Entre elas figuran electromiografías, gastroscopias, resonancias magnéticas, ecografías, TAC, probas neurofisiolóxicas e cardíacas, colonoscopias con sedación e estudos poligráficos do sono.

Pola súa banda, o terceiro lote, por un valor de 10.815.792 €, está destinado á prestación de tratamentos de hemodiálise en centros hospitalarios, tanto na modalidade convencional como mediante hemodiafiltración, para atender os pacientes que precisen estas terapias de substitución da función renal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta contratación responde á necesidade de garantir a continuidade e suficiencia da asistencia sanitaria na área, complementando os recursos propios do Servizo Galego de Saúde fronte ás necesidades asistenciais existentes.

A dispoñibilidade destes recursos permitirá axilizar a realización de intervencións cirúrxicas, consultas e probas diagnósticas, contribuíndo a reducir os tempos de espera e a mellorar a accesibilidade aos servizos sanitarios.

Ademais, a contratación de centros situados na propia área sanitaria facilitará a atención en proximidade e evitará desprazamentos innecesarios dos pacientes e das súas familias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA O ORZAMENTO DAS AXUDAS ÁS ENTIDADES DA REDE EUSUMO CO OBXECTIVO DE IMPULSAR OS PLANS LOCAIS DE ECONOMÍA SOCIAL

- O Consello deu o visto e prace á orde de apoio ás actividades de promoción e fomento da economía social das entidades colaboradoras da Rede Eusumo para 2027 e 2028, cun orzamento próximo a 790.000 € (case 100.000 € máis que na anterior convocatoria)
- A previsión é beneficiar unhas 40 entidades en toda Galicia, para a realización de máis de 200 actividades en que poderán participar máis de 4.000 persoas
- A maioría do crédito extra será para financiar proxectos locais de economía social como os piloto de Baiona e Ribadavia e incorpóranse novidades co fin de animar á solicitude e á constitución de novas iniciativas que creen empregos de calidade
- En concreto, aumentan os límites de subvención das accións formativas ou de asesoramento e increméntase a porcentaxe máxima de subcontratación co fin de facilitar a execución das actuacións, especialmente por parte dos concellos

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración destinada a apoiar a realización de actividades de promoción e fomento da economía social por parte das entidades colaboradoras da Rede Eusumo en 2027 e 2028. O orzamento sobe ata roldar os 790.000 euros —case 100.000 euros máis que na convocatoria anterior—e incorpora novidades co fin de animar á solicitude e reforzar o compromiso coa constitución de novas iniciativas que creen postos de traballo de calidade. Con este aumento do crédito, prevese beneficiar unhas 40 entidades, para que realicen máis de 200 actividades nas en poderán participar máis de 4.000 persoas.

Máis do 60 % do incremento orzamentario (63.000 euros) destínase ás entidades locais, co obxectivo de financiar plans de economía social como os xa presentados de xeito piloto en Ribadavia e Baiona. Así, o propósito autonómico é impulsar máis plans deste tipo, que recollan a diagnose, as principais liñas estratéxicas e as actuacións prioritarias para fomentar este modelo económico nos respectivos municipios, identificando as oportunidades de cada territorio e definindo medidas adaptadas ás súas características sociais, económicas e produtivas.

En canto ás novidades da orde, increméntase o límite das subvencións para actividades formativas (cursos ou obradoiros), divulgativas (charlas, visitas ou estudos), de asesoramento e acompañamento (encontros ou *networking*) co obxecto de adaptarse aos custos reais do mercado e para incentivar este tipo de accións en beneficio da economía social. Tamén se eleva a porcentaxe máxima de subcontratación do custo total de cada acción —do 70 % ao 80 %— para facilitar que as entidades socias da Rede Eusumo, en especial os concellos, poidan executar as actividades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na convocatoria mantense a reserva do 45 % do orzamento para actividades xerais de promoción da economía social e do 55 % para sectores específicos. O obxectivo é potenciar especialmente a presentación de proxectos relacionados con eidos considerados emerxentes que permitirán afianzar a competitividade da economía social, como a economía dos coidados, colectivos vulnerables e discapacidade; agroalimentario, produtos locais e alimentación sostible; economía circular e xestión de residuos; enerxías renovables e transición enerxética; aplicación das novas tecnoloxías e intelixencia artificial; industrias culturais, e transporte e mobilidade.

A Rede Eusumo
As achegas están dirixidas ás entidades adheridas á Rede Eusumo. En concreto, ás asociacións de entidades de economía social; aos concellos, mancomunidades de municipios ou consorcios locais; ás cámaras de comercio; ás universidades; ás fundacións e asociacións, e ás organizacións profesionais, empresariais e sindicais.

Con esta orde preténdese apoiar os colectivos que colaboran coa rede autonómica creada en 2012 para o fomento do cooperativismo e da economía social en todo o territorio galego, impulsando o seu desenvolvemento no ámbito local, a través de accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego colectivo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PRESENTA UN NOVO PLAN PREVENTIVO FRONTE AOS INCENDIOS NO PARQUE NATURAL DA BAIXA LIMIA–SERRA DO XURÉS, DOTADO DE 1M € PARA ACTUAR EN MÁIS DE 2.300 HECTÁREAS

- A estratexia nace coa vontade de impulsar unha xestión máis proactiva do territorio, co obxectivo de reducir o risco de lumes e a súa propagación, ao tempo que se contribúe á conservación dos seus valores naturais
- Para executar os traballos recollidos no Plan foi necesario realizar unha zonificación do parque baseada nas súas características, establecendo un novo índice de risco estrutural de incendios forestais (REIF) e zonas estratéxicas de xestión (ZEX), priorizando así as áreas de actuación
- As actuacións desenvolveranse nun período temporal de cinco anos e teñen como obxectivo reducir a continuidade do combustible forestal, incrementar a capacidade de control dos lumes e mellorar as condicións de seguridade para os medios de extinción
- Levaranse a cabo traballos de xestión da biomasa nas faixas secundarias, rozas, queimas prescritas, mellora das infraestruturas de apoio existente, apostarase pola conservación e fomento de frondosas e polo pastoreo para reducir a carga de combustible vexetal

O Consello da Xunta avaliou hoxe o novo Plan de actuacións preventivas fronte aos incendios forestais no parque natural da Baixa Limia–Serra do Xurés. Esta estratexia conta cun orzamento de algo máis dun millón de euros, que permitirán realizar traballos en algo máis de 2.300 hectáreas de superficie no ámbito do parque durante os vindeiros cinco anos.

Tal e como se recolle neste documento, elaborado pola Consellería do Medio Rural, este novo plan preventivo nace coa vontade de impulsar unha xestión máis proactiva do territorio. Baixo este obxectivo, lévase a cabo esta iniciativa, que permitirá reducir o risco de incendios forestais e a súa propagación, ao tempo que se contribúe á conservación dos seus valores naturais.

Para poder executar as actuacións recollidas no Plan foi necesario levar a cabo unha zonificación do parque natural baseada nas súas características. Neste contexto, estableceuse un novo índice denominado risco estrutural de incendios forestais (REIF), que toma como referencia datos derivados do número de grandes incendios forestais (GIF) rexistrados; as declaracións de situación operativas 2 e o grao de actividade gandeira na zona.

Zonas estratéxicas de xestión (ZEX)
De xeito complementario, definíronse zonas estratéxicas de xestión (ZEX), é dicir, áreas do territorio identificadas e con prioridade para facilitar a execución de actuacións de xestión do combustible e a implantación de infraestruturas de apoio á extinción, co

obxectivo de proporcionar aos servizos de emerxencia zonas desde as cales se poidan desenvolver manobras seguras, eficaces e planificadas, limitando a propagación e a potencialidade dos lumes.

Cabe sinalar que a súa localización, configuración e dimensión determínase con base en incendios que foron tomados como referencia, na topografía e na continuidade do combustible, entre outras cuestións. Neste sentido, existen dous tipos de ZEX: aquelas obtidas mediante unha simulación realizada cun software informático e as xeradas mediante a análise de puntos de inicio.

Así, definíronse un total de 69 ZEX por simulación distribuídas no ámbito do parque natural, das cales 42 están localizadas en áreas con REIF moi alto, 17 en lugares con REIF alto e as 10 restantes en zonas con REIF moderado.

En relación coas xeradas por puntos de inicio, identificáronse un total de 16 polígonos de concentración de ignicións, obtidos mediante a xeración dunha área de influencia de 500 metros arredor de cada punto de inicio e a posterior agrupación das áreas contiguas ou próximas. Dos 16 polígonos definidos, 10 sitúanse en áreas clasificadas como REIF moi alto, 4 en REIF alto, 1 presenta unha clasificación alto/moi alto e o restante corresponde a un ámbito de REIF moderado/alto.

Actuacións que se desenvolverán
As actuacións preventivas que se desenvolverán no parque natural da Baixa Limia–Serra do Xurés teñen como obxectivo reducir a continuidade do combustible forestal, incrementar a capacidade de control dos lumes e mellorar as condicións de seguridade para os medios de extinción. Polo tanto, levaranse a cabo traballos de xestión da biomasa nas faixas secundarias, rozas e queimas prescritas. En relación coas faixas secundarias, cómpre lembrar que a súa xestión é responsabilidade dos propietarios e, se estes non cumpren coas súas obrigas, dos concellos.

Tamén se mellorarán as infraestruturas de apoio existentes, como é o caso da adecuación de pistas forestais e demais infraestruturas estratéxicas que permitan facilitar o acceso, a mobilidade e a seguridade dos medios de extinción.

Por outra banda, fomentarase a plantación de frondosas no parque, especialmente naquelas ZEX que coincidan con unidades ambientais identificadas no Plan director da Rede Natura 2000. A maiores, traballarase para conservar as formacións xa existentes, a través de actuacións silvícolas que melloren a súa estrutura, vitalidade e capacidade de desenvolvemento, así como a favorecer a súa continuidade e conservación.

En relación coas superficies de aproveitamento gandeiro, apostarase por compatibilizar a actividade coa redución e control de carga de combustible vexetal, empregando o pastoreo como ferramenta de prevención. Deste xeito, adecuaranse e melloraranse as superficies de pastoreo existentes e habilitaranse novas cando resulte necesario.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A QUE AS CONFRARÍAS POIDAN COBRAR SEN AVAIS PARTE DAS AXUDAS PARA RETIRAR LIXO MARIÑO E ALGAS

A convocatoria de 2027 contará con 900.000 € para proxectos colectivos de recollida de residuos e de arribazóns de algas que poidan afectar os bancos marisqueiros

O Consello da Xunta autorizou a exención de garantías nos pagamentos á conta das axudas de 2027 para a recollida de residuos mariños e de arribazóns de algas que poidan afectar os bancos marisqueiros. Así, as entidades beneficiarias poderán solicitar anticipos ou cobrar parte da subvención polos traballos xa realizados e xustificados sen ter que presentar un aval ou outra garantía financeira. Grazas a estas tarefas de retirada de acumulacións de algas axúdase a evitar que, ao descompoñérense, reduzan o oxíxeno nos bancos e provoquen a morte do marisco.

A Consellería do Mar destinará a esta convocatoria 900.000 euros, dos que 530.000 corresponden a 2027 e 370.000 a 2028. O Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) achega o 70 % do financiamento e a Xunta, o 30 %. As axudas concederanse en concorrencia competitiva e poderán solicitalas as confrarías de pescadores, as organizacións de produtores pesqueiros, as cooperativas do mar e outras entidades asociativas sen ánimo de lucro constituídas por persoas pescadoras ou mariscadoras, con sede e ámbito de actuación en Galicia.

A convocatoria enmárcase no Plan Marlimpo Horizonte 2030. Poderá financiar tanto saídas específicas para retirar lixo mariño como os gastos derivados da recollida dos residuos que aparezan nos aparellos de pesca ou durante a actividade habitual de marisqueo. Tamén se apoiará a retirada de acumulacións de algas que poidan prexudicar os bancos marisqueiros, así como a xestión dos materiais recollidos e as accións de formación e sensibilización sobre o lixo mariño.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UNHA ADDENDA AO CONVENIO ASINADO EN XUÑO COA CONFRARÍA DO CARRIL PARA ACONDICIONAR OUTROS DOUS BANCOS MARISQUEIROS

— O Consello aproba un incremento de 17.120 € destinado a traballos de arado con embarcación de arredor de 13.500 metros cadrados en Corbeiro e Baía de Terra
— O investimento global do convenio supera os 117.500 € e vai dirixido a restaurar áreas de produción afectadas polos temporais de comezos de ano

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Confraría de Pescadores Santiago Apóstolo do Carril para incorporar traballos de acondicionamento do substrato nos bancos marisqueiros do Corbeiro e de Baía de Terra. A modificación supón un incremento de 17.120 euros, que eleva a dotación do convenio a 117.537,36 euros.

A actuación responde á solicitude da confraría de ampliar os traballos de restauración tras as mortaldades rexistradas no seu ámbito cos temporais de comezos de ano. En cada unha das anualidades de 2026 e 2027 prevese contratar xornadas de aradura con embarcación no Corbeiro, onde se actuará sobre uns 3.500 metros cadrados, e en Baía de Terra, cunha superficie de actuación duns 10.000 metros cadrados.

O convenio inicial, autorizado polo Consello da Xunta e asinado no mes de xuño, contaba cunha dotación de 100.417,36 euros para recuperar os bancos afectados polos episodios de baixa salinidade. Os traballos de acondicionamento previstos inicialmente abranguían uns 60.000 metros cadrados na praia da Concha de Compostela e na Fangueira. A actuación está cofinanciada nun 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS PRIMEIROS PLANS LOCAIS DE I+D+I IMPULSARANSE EN 2027 TRAS CONSTATAR O INTERESE DE PRETO DE 50 CONCELLOS

- A Xunta destinará 700.000 € a esta iniciativa o vindeiro ano, que se enmarca no Plan galego de investigación e innovación 2025-2027, tal e como se recolle no informe analizado hoxe no Consello
- O obxectivo inicial é fornecer os concellos das ferramentas para desenvolveren as súas propias estratexias neste ámbito e seguir favorecendo a transferencia de coñecemento á sociedade e a todo o territorio
- O primeiro grande impacto desta acción terá lugar o 3 e 4 de decembro en Santiago, coa celebración do I Congreso Nacional de Innovación Local e a entrega de premios que buscan recoñecer a investigación e innovación xurdida desde o ámbito local
- Desde a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP desenvolverase un plan marco que os municipios poderán empregar como guía para a elaboración do seu propio documento

A Xunta destinará en 2027 unha partida de 700.000 € ao impulso dos primeiros plans locais de I+D+i tras constatar o interese de preto de 50 concellos galegos nesta iniciativa, que se enmarca no Plan galego de investigación e innovación 2025-2027 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP. Así o recollen os orzamentos do Goberno galego para o vindeiro ano, segundo o informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre a posta en marcha desta iniciativa.

O obxectivo principal é fornecer os concellos das ferramentas necesarias para desenvolveren as súas propias estratexias innovadoras, identificando os principais retos e oportunidades vencellados aos seus territorios. Deste xeito, búscase que a innovación, o desenvolvemento e a transferencia de coñecemento á sociedade se estenda a todo o territorio, impulsando solucións con impacto real na cidadanía e favorecendo así a mellora dos servizos públicos, o desenvolvemento económico e a cohesión territorial.

Neste momento, varios municipios están participando xa nas fases iniciais desta iniciativa a través do proceso participativo aberto pola Xunta que incluíu, entre outras accións, a celebración de mesas provinciais cos concellos e axentes da I+G+i para identificar os principais retos e desafíos para innovar a nivel local, así como outras actuacións de formación, acompañamento técnico e intercambio de boas prácticas.

O primeiro grande impacto terá lugar o 3 e 4 de decembro en Santiago de Compostela, coa celebración do I Congreso Nacional de Innovación Local, que reunirá municipios de toda España, así como expertos nacionais e internacionais. Entre as finalidades deste evento destacan explicar as tendencias globais, procesos e ferramentas da innovación local; difundir casos de éxito; recoñecer iniciativas e facilitar o encontro entre concellos e outros axentes da I+G+i.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De feito, no marco do congreso entregaranse os primeiros Premios á innovación local, que perseguen recoñecer casos de éxito de innovación local de administracións de toda España, en tres categorías en función do tamaño dos concellos.

Plan marco como guía
De cara a facilitar o traballo aos concellos, a Xunta está a elaborar un Plan marco de I+D+i local, un documento que servirá de guía e referencia para o deseño dos plans locais individuais por parte dos municipios.

Neste plan marco incluirase un bloque normativo e competencial da innovación local e relacións entre a Xunta, os concellos e outros axentes; o contexto galego cos retos e oportunidades, o papel do territorio e a conexión coas prioridades do RIS3 e do Plan galego de investigación e innovación; as modalidades, mecanismos e instrumentos para a implementación da innovación local, que abrangue a cooperación, a contratación pública de innovación e os espazos de experimentación, e as redes de innovación local e sinerxías estatais e europeas, xunto con fichas de casos de éxito replicables de ámbito rexional, estatal e internacional.

Así mesmo, entre outros instrumentos, poranse á disposición dos concellos diferentes ferramentas e un inventario de recursos e materiais prácticos para facilitar a elaboración de cadansúa estratexia particular.

Tamén está en marcha un curso de formación e activación da innovación local, de carácter gratuíto e práctico, dirixido ao persoal técnico e directivo dos concellos co fin de capacitalos para activar a innovación.

Rede galega de innovación local
Outra das accións en que se está traballando é a configuración da Rede galega de innovación local, que favorecerá a conexión e organización de información, recursos e capacidades, por ámbitos temáticos e territoriais. O seu obxectivo é aproveitar o coñecemento existente no ecosistema de I+D+i, de tal forma que a posta en común de información e recursos facilite o impulso de accións por parte dos municipios.

Así mesmo, ademais do primeiro contacto que supuxeron as mesas provinciais entre os concellos e diferentes actores do ecosistema de investigación –universidades, centros tecnolóxicos e empresas–, crearase un directorio de axentes de I+D+i que favoreza a comunicación e o establecemento de sinerxías entre todas as partes e o desenvolvemento de proxectos colaborativos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVA O VISOR REFÚXIA-T PARA IDENTIFICAR ILLAS DE CALOR E POTENCIAIS REFUXIOS CLIMÁTICOS EN TODA GALICIA E FACILITAR AOS CONCELLOS O DESEÑO DE INICIATIVAS FRONTE AO QUECEMENTO GLOBAL

- Esta ferramenta baséase na metodoloxía científica desenvolvida no marco do proxecto CLIMA 25, que combina teledetección, intelixencia artificial, medicións ambientais sobre o terreo e criterios ecolóxicos e de biodiversidade
- Sinala tamén mediante imaxes de satélite aquelas zonas con vexetación que estean rodeadas de tecido urbano, cuxa temperatura estea polo menos 0,7 graos máis fresca que a media urbana das proximidades e nas cales, polo tanto, a poboación pode atopar protección e alivio térmico durante episodios de temperaturas extremas
- A activación deste visor, que estará dispoñible desde hoxe no Portal de acción climática, é o paso previo á fase de identificación destes espazos por parte dos concellos e servirá de base para a futura Rede galega de refuxios climáticos
- A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático tamén fai pública unha guía metodolóxica, que ofrece un marco técnico común para identificar e avaliar estes espazos, orientar a súa validación polos concellos e preparar a súa inclusión na Rede
- Para favorecer a implantación e ampliación progresiva da Rede, a Xunta poderá establecer futuras liñas de apoios destinados á creación de novos refuxios climáticos e á adecuación e mellora dos espazos existentes

A Xunta de Galicia activa o visor Refúxia-T co obxectivo de contribuír á identificación de illas de calor e posibles zonas refuxio en toda a Comunidade e, deste xeito, axudar aos concellos a deseñar e desenvolver iniciativas con que facer fronte ao cambio climático. Así mesmo, tamén publica a Guía metodolóxica da Rede galega de refuxios climáticos, que ofrece un marco técnico común para identificar e avaliar estes espazos, en cumprimento da Lei do clima autonómica.

Tal e como coñeceu o Consello da Xunta nun informe elaborado pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, o Refúxia-T está concibido como unha ferramenta cartográfica interactiva que permite visualizar e consultar, en cada concello, as illas de calor e os espazos con potencial para actuar como refuxios climáticos exteriores, nos cales, polo tanto, a poboación pode atopar protección e alivio térmico durante episodios de temperaturas extremas, cada vez máis frecuentes no actual escenario climático.

Este visor baséase na metodoloxía científica executada no marco do proxecto CLIMA 25, ao abeiro do Plan PIMA refuxios climáticos, que combina teledetección, intelixencia artificial, medicións ambientais sobre o terreo e criterios ecolóxicos e de biodiversidade.

Deste xeito, o visor facilita o coñecemento da distribución territorial das illas de calor, entendidas como aquelas zonas urbanas en que a temperatura da superficie é claramente máis elevada que a da súa contorna, e dos potenciais refuxios climáticos

exteriores, que son aqueles espazos cunha presenza significativa de vexetación, situados nunha contorna urbana cuxa superficie está máis fresca que a que a rodea. Estes refuxios climáticos exteriores (parques, xardíns ou outras zonas verdes) contribúen a reducir a exposición solar e ofrecen ambientes máis agradables no verán.

O visor constitúe, polo tanto, unha ferramenta de apoio á planificación e á priorización de actuacións de adaptación ao cambio climático. En concreto, Refúxia-T identifica mediante imaxes satélite zonas con vexetación rodeadas de tecido urbano, cuxa temperatura estea polo menos 0,7ºC máis fresca que a media urbana das proximidades.

A posta á disposición dos concellos deste visor a partir de hoxe a través do Portal de acción climática da Xunta de Galicia marca o inicio dunha fase preparatoria de identificación destes espazos por parte das administracións municipais co obxectivo de que sirva de base para o deseño da futura Rede galega de refuxios climáticos.

Esta rede foi concibida ante a necesidade de avanzar cara a un marco común que permita coordinar, ordenar e dar visibilidade aos refuxios climáticos existentes, identificar ámbitos prioritarios de actuación e favorecer a creación de novos espazos de protección fronte ás temperaturas extremas.

Nese senso, a iniciativa suporá un novo instrumento na política de adaptación ao cambio climático desenvolvida pola Xunta, que aproveita o coñecemento e as ferramentas técnicas para pasar de actuacións puntuais xa realizadas nalgúns concellos a un sistema coordinado de identificación, caracterización, incorporación e seguimento dos refuxios climáticos no conxunto do territorio galego.

De feito, o obxectivo é que Refúxia-T evolucione progresivamente para converterse no visor cartográfico de referencia desa futura rede autonómica de refuxios climáticos, permitindo consultar a localización e características destes espazos, así como os seus horarios, condicións de acceso e servizos dispoñibles.

Así mesmo, para favorecer a implantación e ampliación progresiva da Rede, a Xunta poderá establecer futuras liñas de apoios destinados á creación de novos refuxios climáticos e á adecuación e mellora dos espazos existentes, dándolle continuidade a actuacións de adaptación ao quecemento global xa impulsadas.

A maiores, no marco da aposta da Xunta por promover a creación de refuxios climáticos, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático elaborou unha guía metodolóxica que ofrece un marco técnico común para identificar e avaliar estes espazos, orientar a súa validación polos concellos e preparar a súa incorporación á futura Rede.

En concreto, esta guía, que distingue entre refuxios climáticos exteriores e interiores, establece os requisitos mínimos previstos que deben reunir estes espazos para a súa incorporación, así como os criterios de calidade que permitan valorar as prestacións adicionais que ofrezan e orientar a súa mellora.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A CALIDADE DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS MEDIANTE A MELLORA DAS CAPACIDADES COMUNICATIVAS DO PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO

A EGAP desenvolve 39 actividades formativas con 1.820 prazas en materia de comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

A Xunta busca reforzar a calidade da prestación dos servizos públicos mediante a mellora das capacidades comunicativas do persoal empregado público. Para isto, a Escola Galega de Administración Pública convoca ao longo deste ano 2026 un total de 39 actividades formativas, con 1.820 prazas para o persoal empregado público en materia de comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades. Así se desprende dun informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta.

A formación, de carácter transversal, responde á necesidade de desenvolver capacidades que permitan mellorar a calidade da prestación dos servizos públicos, incorporando competencias de escoita activa e atención efectiva ás necesidades da cidadanía, así como reforzar as capacidades comunicativas do persoal empregado público, promovendo unha comunicación clara, eficaz e con empatía.

A EGAP busca, así mesmo, favorecer a adaptación aos cambios organizativos e impulsar a racionalización e simplificación dos procesos de traballo, a través da incorporación de ferramentas e solucións vinculadas á transformación dixital.

Deste xeito conséguese mellorar a organización interna e a colaboración entre profesionais e unidades administrativas, contribuíndo a unha utilización máis eficiente dos recursos públicos, o que redunda no beneficio do conxunto da sociedade.

Ámbito temático
As actividades convocadas céntranse en temas como o fortalecemento das competencias comunicativas e a mellora da calidade das relacións profesionais e institucionais, a importancia de integrar a saúde laboral e o benestar persoal nas políticas de desenvolvemento dos recursos humanos ou a optimización da organización das tarefas administrativas e as capacidades de planificación e xestión.

Como non podía ser doutro xeito, a intelixencia artificial e as competencias dixitais están tamén presentes, a través de contidos vinculados ao coñecemento e á aplicación das novas ferramentas tecnolóxicas. Mentres, aspectos como a intelixencia emocional e a adaptación ao cambio axudan co desenvolvemento de capacidades relacionadas coa xestión das emocións, a motivación, a adaptación ás transformacións organizativas e a prevención e resolución de situacións de conflito na contorna profesional.
A EGAP recibiu máis de 7.500 solicitudes para participar nestas actividades formativas, o que constitúe un indicador do interese que suscitan estas materias entre o persoal

destinatario e dá unha idea da relevancia que adquiren as competencias transversais no desenvolvemento profesional dentro da Administración pública, comprometida coa calidade dos servizos que presta á cidadanía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITARÁ POR PRETO DE 400.000 EUROS A CONSTRUCIÓN DE DÚAS SENDAS PEONÍS E A MELLORA DUNHA GLORIETA NA LU-862, EN XOVE

O Consello da Xunta toma coñecemento da aprobación definitiva do proxecto, que permitirá habilitar preto de 600 metros de itinerarios peonís e mellorar a integración paisaxística da glorieta de Parceiros

O Consello da Xunta tomou razón da aprobación definitiva do proxecto construtivo e a próxima licitación das obras de dous tramos de senda na estrada LU-862 e o embelecemento dunha glorieta ao seu paso polo concello de Xove, por un investimento próximo aos 400.000 euros.

O proxecto permitirá habilitar 585 metros de novos itinerarios peonís, dando continuidade ás beirarrúas existentes e reforzando a seguridade da veciñanza nos seus desprazamentos.

A primeira senda, de 120 metros, executarase na contorna do polígono industrial de Xove, conectando a beirarrúa existente coa vía de acceso aos lugares de Camba e Fontaelo. A segunda, de 465 metros, situarase á saída do núcleo urbano cara a San Cibrao, prolongando a beirarrúa actual ata unha pista forestal. Ambos itinerarios terán un ancho xeral de dous metros e pavimento de formigón en cor ocre.

A intervención completarase coa mellora paisaxística da glorieta de Parceiros, seguindo unha estética semellante á de Beltrán, para favorecer a súa integración na contorna e mellorar a percepción dos accesos.

As actuacións desenvolveranse integramente en dominio público, sen necesidade de expropiacións, reforzando a aposta da Xunta por unha mobilidade peonil máis segura.

A Xunta prevé licitar proximamente estas actuacións, coa previsión de adxudicar e iniciar as obras en 2027. Os traballos contarán cun prazo de execución de seis meses.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano da actuación prevista:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA OU-540 AO SEU PASO POLO CONCELLO DA MERCA

- A intervención prevé a execución dunha nova glorieta na intersección existente no punto quilométrico (p.q.) 14+920 para facilitar o acceso á autovía Ourense-Celanova (AG-31)
- Tamén se realizará unha nova intersección, cun carril central de espera e carrís de aceleración e desaceleración, no p.q. 15+250 para dar acceso ao núcleo urbano da Manchica
- Ademais, habilitaranse dous tramos de senda peonil polas marxes dereita e esquerda da vía, que incluirán a conexión co itinerario para viandantes que existe na rúa Val do Seixo

O Consello da Xunta deu conta hoxe da próxima licitación das obras de mellora da seguridade viaria na estrada autonómica OU-540, ao seu paso polo concello da Merca. O Goberno galego destinará máis de 915.000 euros de fondos propios da comunidade a esta actuación, que se prevé adxudicar e iniciar no primeiro semestre do vindeiro ano e que conta cun prazo de execución de 12 meses.

En concreto, a intervención abrangue entre os puntos quilométricos (p.q.) 14+820 e 15+540, situados no núcleo urbano da Manchica, e os traballos que se van levar a cabo inclúen a execución dunha glorieta e de beirarrúas, así como dunha senda peonil, entre outros.

Así, dotarase a vía dunha nova glorieta na intersección existente no p.q. 14+920, en que conflúen as estradas provinciais OU-0201 e OU-02022 que dan acceso á autovía que comunica Ourense e Celanova (AG-31). Tamén se habilitarán beirarrúas neste treito e dous pasos de peóns iluminados na contorna da nova rotonda.

Ademais, executarase unha nova intersección, con carril central de espera e carrís de aceleración e desaceleración, no p.q. 15+250 para dar acceso ao principal ámbito de solo urbano da Manchica. Este novo cruzamento conectará a estrada OU-540 coas viario interior do citado ámbito urbano na rúa Val do Seixo.

O proxecto construtivo prevé, así mesmo, a realización de dous tramos de senda peonil entre os p.q. 15+270 e 15.450 pola marxe esquerda e entre os p.q. 15-155 e 15.230 pola marxe dereita, incluíndo a conexión co itinerario peonil xa existente na rúa Val do Seixo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Treito de actuación



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Imaxe da nova glorieta e beirarrúas na intersección existente no p.q. 14+940:


Hoja 1
Hoja 2
Hoja 3
Hoja 4
OU-540
OU-0000
OU-0000
OU-0000

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á LICITACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E PEONIL NA ESTRADA AUTONÓMICA PO-252 AO PASO POR MONDARIZ

- A actuación consistirá na ampliación da plataforma das vías e habilitación dunha beiravía nun treito de 250 metros, xunto á dotación dunha senda peonil continua nun tramo de 135 metros e a rehabilitación do firme
- O investimento da intervención ascenderá a preto de 300.000 €
- Tras a aprobación definitiva do proxecto, licitaranse as obras nos próximos días, co obxectivo de inicialas no vindeiro ano, cun prazo de execución de nove meses

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á próxima licitación das obras de mellora da seguridade viaria e peonil na estrada autonómica PO-252 ao paso polo concello de Mondariz, que contará cun investimento de ao redor de 300.000 € (299.534 €).

En concreto, a actuación recolle un conxunto de intervencións nesta estrada, como a ampliación da plataforma das vías e a habilitación dunha beiravía nun treito de 250 metros (entre os puntos quilométricos 0+570 e 0+820), na avenida do Val, nas inmediacións da Ponte que leva este nome, así como a rehabilitación do firme.

Ademais, executarase un itinerario peonil continuo noutro treito ao longo de 135 metros (dos p.q. 0+835 ao 0+970), integrado na plataforma existente. Os traballos completaranse coa reposición e adecuación da sinalización horizontal e vertical e dos servizos afectados polas actuacións.

Tras a aprobación definitiva do proxecto, a Xunta prevé licitar estes traballos nos vindeiros días, co obxectivo de poder inicialos no vindeiro ano. O prazo de execución das futuras obras é de nove meses.

Os terreos en que se desenvolverán as actuacións atópanse dentro da liña de dominio público, polo que non será necesaria a realización de expropiacións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Planta de actuacións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ O VINDEIRO ANO CASE 4,4 M € NUNHA DECENA DE ACTUACIÓNS EN BENS PATRIMONIAIS DAS RUTAS XACOBEAS

- O Consello avalía un informe onde se recollen máis de 40 intervencións en elementos vencellados cos Camiños de Santiago, que suman un investimento de máis 17,2 M € no trienio 2025-2027
- Os proxectos abranguen desde catedrais, igrexas, complexos parroquiais ou santuarios ata conxuntos monásticos, pontes, murallas e bens artísticos
- Estes traballos reflicten o compromiso do Goberno galego coa conservación e posta en valor dos monumentos vencellados a un dos principais referentes culturais de Galicia

A Xunta de Galicia ten prevista para os vindeiros meses unha decena de actuacións destinadas á mellora de bens patrimoniais vencellados ás distintas rutas xacobeas por valor de case 4,4 M €. Así se desprende do informe avaliado hoxe no Consello en que se dá conta das intervencións realizadas pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para conservar e pór en valor os monumentos do Camiño, un labor en que leva investido desde 2025 preto de 13 M €.

Así, as próximas iniciativas, que abranguen bens inmobles como catedrais, conxuntos monásticos, santuarios, igrexas, complexos parroquiais, murallas ou pontes, ademais de bens artísticos como pinturas ou retablos, súmanse aos 16 proxectos xa finalizados e ás 17 actuacións que están actualmente en marcha, que alcanzan un orzamento total neste trienio 2025-2027 de máis de 17,2 M €.

Con esta programación o Goberno galego mostra o seu compromiso coa preservación dos bens que forman parte dos camiños de Santiago, un dos principais referentes da identidade cultural de Galicia, constituíndo un patrimonio de excepcional capacidade para proxectar a Comunidade no conxunto de España, de Europa e do mundo. Deste xeito, desde a Xunta considérase de especial relevancia velar polos monumentos das rutas xacobeas máis alá da propia peregrinación e sentido relixioso, atendendo así a unha realidade histórica, cultural e territorial en que se integran arquitectura, arte, arqueoloxía, patrimonio etnolóxico e inmaterial, paisaxe, memoria colectiva e formas de relación entre as persoas.

Neste senso, trátase dunha planificación que inclúe intervencións en bens inmobles e en pezas artísticas, que responde así a unha visión integrada, de maneira que non se trata de intervir sobre elementos illados, senón de preservar e reforzar os valores dun patrimonio complexo que mantén unha estreita relación co territorio e coas comunidades que o habitan. Protexer estes bens e as súas contornas contribúe tamén a

manter a calidade das paisaxes culturais de Galicia e a facer visible a continuidade histórica que caracteriza os distintos itinerarios xacobeos.

Proxectos en todos os camiños
No seu conxunto, as intervencións xa realizadas, as que están en execución e as que están planificadas integran traballos vencellados á conservación, restauración, protección, coñecemento, accesibilidade e posta en valor en elementos de todas as rutas.

Así, para os vindeiros meses están previstas actuacións de mellora no mosteiro das Clarisas de Monforte de Lemos, no Camiño de Inverno; na Catedral de Lugo, no mosteiro de Sobrado, na Catedral de Mondoñedo e no mosteiro de San Salvador de Lourenzá, no Camiño do Norte, así como no mosteiro da Visitación das Salesas de Vigo e na Catedral de Tui, no Camiño Portugués.

Ademais, entre os proxectos desenvolvidos cómpre destacar a restauración e conservación da muralla de Lugo (Camiño do Norte); as obras de rehabilitación do Santuario da Peregrina, en Pontevedra, ou da Catedral de Tui (Camiño Portugués), e as realizadas na Nosa Señora a Antiga, en Monforte de Lemos (Camiño de Inverno). Pola súa banda, un exemplo dalgunhas das intervencións que están en execución son a restauración da Capela de San Lázaro, en Sarria (Camiño Francés), ou os traballos na catedral de Ourense (Vía da Prata), aos cales se suman o Santuario da Virxe da Barca, en Muxía (Camiño de Fisterra-Muxía), e a Capela da Venerable Orde Terceira da Coruña (Camiño Inglés).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA A MÁIS DE 1 M € O APOIO Á COMUNIDADE GALEGA DE VENEZUELA PARA AFRONTAR AS NECESIDADES OCASIONADAS POLOS TERREMOTOS DE XUÑO

- O Consello analizou un informe sobre este reforzo, froito da ampliación de crédito das axudas específicas polos sismos do 24 de xuño, das achegas de emerxencia social concedidas por esta casuística e do apoio ás entidades galegas no país
- No caso das axudas extraordinarias con motivo dos terremotos, o crédito amplíase ata os 780.000 euros co fin de atender todas as solicitudes que cumpran os requisitos e este reforzo publicarase este mércores no *Diario Oficial de Galicia*
- A isto súmanse as axudas de emerxencia social concedidas con motivo dos terremotos, por un valor total de arredor de 24.300 euros
- Tamén se impulsa a colaboración con entidades galegas presentes en Venezuela, entre elas a Hermandad Gallega de Venezuela, coa que ademais se selou unha colaboración específica para cubrir os danos causados polos terremotos na súa sede

A Xunta de Galicia amplía a máis de 1 M € o apoio ás persoas galegas residentes en Venezuela para afrontar as necesidades ocasionadas polos terremotos do 24 de xuño. Así o reflicte un informe analizado hoxe no Consello da Xunta que dá conta dese reforzo, froito da ampliación de crédito das axudas específicas con motivo dos sismos de xuño, das achegas de emerxencia social concedidas por esta casuística e do apoio ás entidades galegas presentes no país e co que se atenden máis de 200 familias cuxas vivendas foron gravemente afectadas ou na súa totalidade.

No caso das axudas extraordinarias con motivo dos terremotos, a ampliación publicarase este mércores no *Diario Oficial de Galicia*. Así, o crédito sobe ata os 780.000 euros ao engadir 280.000 á contía inicial de 500.000 euros co fin de atender todas as solicitudes que cumpran os requisitos. En concreto, estas achegas —con prazo de solicitudes aberto ata o 1 de decembro de 2026— teñen como finalidade paliar a situación de necesidade derivada da perda temporal ou definitiva das condicións de habitabilidade da residencia habitual das persoas galegas residentes en Venezuela afectadas polos terremotos de xuño.

A isto súmanse as achegas de emerxencia social concedidas con motivo dos terremotos por un valor total de arredor de 24.300 euros. Consisten nunha prestación económica única a persoas emigrantes de nacionalidade española e orixe galega residentes en América con escasos recursos e aos seus descendentes, para atender situacións de necesidade derivadas de circunstancias extraordinarias sobrevidas nos últimos 12 meses.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto ao apoio das entidades galegas en Venezuela, o reforzo materialízase en addendas aos convenios de colaboración en materia de atención sociosanitaria entre o Goberno galego e a Fundación Apoyo a la Ciudadanía Española en Venezuela (Facev), a Fundación Fillos de Ourense (Fundaourense) de Venezuela e da Hermandad Gallega de Venezuela. Con esta última, ademais, selouse unha colaboración específica para cubrir os danos estruturais causados polos terremotos do 24 de xuño na sede desta entidade. O reforzo no apoio ao labor destas entidades supón un total de 200.000 euros.